

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

## INDICE

	Páxinas
1. Presentación.....	3
2. O Centro. Análise do contexto educativo.	
2.1. Señas de identidade.....	4,5
2.2. Historia.....	6,7,8
2.3. Análise do alumnado e do profesorado	
2.3.1.Profesorado.....	8
2.3.2.Alumnado.....	8,9
2.4. Notas de identidade.....	10 ao 14
2.5. Finalidades educativas.....	14,15
2.6. Lingua empregada.....	15
2.7. Lingua estranxeira: Centro Plurilingüe.....	15
3. Estrutura orgánica do Centro	
3.1. Organos de goberno.....	15,16
3.2. Organos de coordinación docente.....	16
3.2.1.Equipo de ciclo	
3.2.2.Comisión de Coordinación Pedagóxica	
3.2.3.Equipo de Dinamización Lingüística	
3.2.4.Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	
3.2.5.Departamento de Orientación	
3.2.6.Equipo de Biblioteca. Plambe	
3.2.7.Equipo TIC	
3.3. Persoal de administración e servizos.....	16
3.4.Asociación de Pais e Nais.....	16
4. As etapas de E. Infantil e Primaria.	
4.1. Educación Infantil.	
4.1.1. Características da etapa.....	16 ao 18
4.1.2. Características do alumnado.....	18 ao 23
4.1.3. Obxectivos xerais.....	23
4.1.4. Criterios para a organización do tempo en E. Infantil.....	24
4.1.5. Periodo de adaptación en E. Infantil.....	25
4.2. Educación Primaria.	
4.2.1. Características da etapa.....	25,26
4.2.2. Características do alumnado de E. Primaria.....	26 ao 31
4.2.3. Obxectivos xerais de E. Primaria.....	31 ao 33
4.2.4. Distribución horaria das materias de Primaria.....	33
4.3. Estratexias de coordinación entre etapas e niveis.....	33
4.4. Aspectos xerais das programacións.	
4.4.1. En Primaria.....	33
5. Organización do espazo e do tempo escolar.....	34,35
5.1. Oferta do Centro.....	35
5.2. Criterios de agrupamento do alumnado.....	35
6. Programas de intervención no tempo extraescolar.	
6.1. Tempo extraescolar.....	35
6.1.1.Plan de apertura do Centro.....	35

6.2. No tempo escolar.....	35
6.2.1. Plan TIC.....	36
6.2.2. Plan de lectura e biblioteca. Plambe.....	36
6.2.3. Outros programas.....	36 ao 38
7. Plan de avaliación.....	38,39
7.1. Avaliación e promoción do alumnado.....	39,40
7.2. Criterios de promoción.....	41,42
7.3. Plan específico para permanecer un ano máis no mesmo curso.....	42
7.4. Avaliación dos procesos de ensino da práctica docente.....	42,43
7.5. Documentos oficiais de avaliación.....	43
7.6. Avaliación na E. Infantil.....	43 ao 46
7.7. Obxectivos mínimos.....	46
7.8. Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente.....	47
7.9. Documentos oficiais de avaliación.....	47
7.10. Avaliación na educación infantil.....	48
7.11. Obxectivos mínimos.....	48
8. Metodoloxía.....	48,49
9. Plan de formación do profesorado.....	49,50
10. O tratamento transversal da educación en valores.....	50,51

## ANEXOS

11. Proxecto lingüístico.
12. Plan de acción tutorial.
13. Plan de convivencia.
14. Plan de atención á diversidade. Plan de Orientación
15. Concrecións curriculares de E. Infantil e E. Primaria.

## 1. PRESENTACIÓN

**"A ESCOLA É UN LUGAR ONDE TODOS PASAMOS UNHA LONGA E IMPORTANTE ETAPA DA NOSA VIDA"**. Por iso os membros deste Equipo Educativo queremos ofertar aos nosos alumnos, unha ESCOLA para:

**SABER:** Ler, escribir, calcular, falar outros idiomas, coñecer o medio no que vivimos, coñecer a nosa historia, ter unha cultura musical, saber desenrolar e coidar seu corpo e defenderse na vida.

**SABER PENSAR:** Este é o obxectivo, que nos contemplamos no proceso de Ensino-Aprendizaxe, porque as habilidades do pensamento non son innatas e poden e deben ser ensinadas coa finalidade de contribuir a mellorar a competencia social do alumno e o rendemento escolar, desenrolando estratexias para aprender e aplicar o coñecemento dunha forma eficaz razoando e resolvendo con éxito os problemas.

**SABER VIVIR E CONVIVIR:** Contribuir na socialización dos alumnos/as consideramos que é unha función esencial da escola porque nela se convive, e pódese e faise o aprendizaxe das HABILIDADES SOCIAIS, entendidas como CAPACIDADES DE RELACIÓN INTERPERSOAL, que intentamos conquistar traballando: A comunicación, a cooperación, a solidariedade, o respecto as regras, saber escoitar, compartir, participar, crear hábitos de traballo e fomentar a corresponsabilización etc... Estas capacidades materializámolas a través dos contidos de actitudes, normas e valores, aspectos contemplados na nosa metodoloxía de traballo e no Plan de Convivencia.

**SABER SER PERSONA:** A meta da educación é aprender quén é un mesmo e chegar a selo. A formación do concepto de si mesmo (autoestima) e da identidade persoal é algo esencial que os titores/as traballamos e coidamos.

Somos conscientes de que a escola é un reflexo dos valores sociais, familiares e culturais que os nenos perciben no seu entorno e nas vivencias. Na tarefa da educación, a escola non pode actuar soa porque educar é unha tarefa tan ampla e complexa que un sector só non ten as respostas e menos as solucións. Con isto, a escola, a familia e outras institucións coordinaranse, implicaranse, entenderanse e serán coherentes nas súas competencias para conquistar unha educación de calidade que prepare para a vida de cada un e para a realidade multicultural e multiétnica na que lle tocará vivir e desenvolverse aos alumnos.

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- ◊Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)
- ◊Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◊Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- ◊Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

◊Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.

◊Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.

◊Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

◊Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

◊Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

◊Orde do 20 de abril de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto educativo do Centro será elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo claustro. Posteriormente será aprobado polo director/ra do centro. Unha copia do P.E. quedará na secretaría á disposición de toda a comunidade educativa, outra copia remitirase á inspección educativa e outra colgarase da web do centro.

## **2. O CENTRO. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO**

### **2.1. SEÑAS DE IDENTIDADE.**

O Colexio PÁRROCO DON CAMILO de titularidade pública, está situado na parroquia de Santo André de Comesaña.

É unha das parroquias que configuran o termo municipal de Vigo. Situada na ala dos montes da mesma, á zona Oeste da cidade e fronte á ría do mesmo nome.

Ten unha extensión aproximada de 200 Ha. e como todas as parroquias da periferia viguesa, presenta estruturas rurais combinadas e influenciadas pola gran urbe da que forma parte. A construción típica é a vivenda unifamiliar, maiormente de pedra, sen edificacións altas concentradas en núcleos aillados no barrio do Tombo, Sanín, Casás, Rial, etc. Hai unha zona de edificacións novas nos terreos que lindan coa parroquia veciña de Navia.

O centro, construído no ano 1.989, agás o ximnasio, biblioteca e casa do conserxe que son dos anos 1969 e 1970. O sótano (aula de inglés e música) fíxose no curso 1991/92. Ubícase no barrio do Tombo, na franxa que está entre a Estrada de Matamá-Pazo e a Estrada de Camposancos, nunha zona natural na que se desenvolve un proxecto de urbanización que cambiou tanto o espazo físico como o carácter do lugar, xa que de ser unha zona semirural, pasou a verse totalmente integrada na cidade (en terreos da nosa parroquia e da parroquia veciña construíronse 4.000 vivendas, aproximadamente e segue en expansión).

Deste desenvolvemento urbanístico na parroquia veciña (P.A.U. de Navia) estase a beneficiar directamente o centro, xa que nos últimos anos obsérvase un aumento considerable da matrícula provinte desa zona, que seu centro educativo non é capaz de asumir e estamos dentro da mesma zona educativa (zona 10).

En canto a instalacións para o desenvolvemento da actividade docente diaria o C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO conta cos seguintes recursos materiais:

► No 1º Edificio (edificio principal)

- Sete aulas de Educación Primaria.
- Tres aulas de Educación Infantil.
- Un despacho de Orientación.
- Un aula de Informática.
- Un aula de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Un aula de Inglés.
- Un aula de Música.
- Sá de Mestres.
- Aseo de Mestres, aseos dos alumnos e minusválidos.
- Despacho de Dirección e Secretaría.
- Bunker.
- Sá de contadores.
- Ascensor (non está en funcionamento).

► No 2º Edificio

- Ximnasio.
- Vestiario e servizo hixiénico, correspondente ao profesor de Educación Física.
- Servizos hixiénicos e vestiarios para os alumnos.
- Biblioteca.
- Comedor e aseos.
- Local da A.N.P.A.
- Conserxería.

► No 3º Edificio

-Patio Cuberto: con dous campos de baloncesto e un de xogo con balón (brilé, voleibol, etc) e unha zona na entrada con xogos no chan (tres en raia, jump, mariola...)

► Patio o zona de educación infantil: convivencia do alumnado dos tres niveis, características dos patios: zona de xogo con piscina de area e mobiliario con casiñas, tobogáns.... e zona de arbolado.

► Patio o zona de educación primaria: convivencia de todo o alumnado de primaria, características das zonas de xogo: pista polideportiva para xogar á pelota con porterías e rodeada de aramiada alta para non molestar aos alumnos que non xogan co balón. Zona con césped para outros xogos e convivencias. Patio de entrada.

Aínda así, hai fallas nos servizos do centro:

- A aula de informática resulta pequena, pois en realidade trátase da metade dunha aula normal.
- Non hai sá de usos múltiples, polo tanto sempre notamos a falla de espacio para programar actividades conxuntas.
- O chan de Ximnasio é moi vello e está deteriorado, así como parte das ventás.

Por outra banda, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dota do material preciso para a labor educativa nas aulas, resultando satisfactoria a cantidade e calidade dos materiais cos que contamos.

## **2.2. HISTORIA.**

A historia do noso Centro ten dúas partes ben diferenciadas: antes do derribo do edificio de clases e despois do derribo e construción do edificio novo.

### **✂ ANTES DO DERRIBO**

O Colexio Público “Párroco Don Camilo”, construíuse no ano 1.971 cando era alcalde de Vigo o Sr. Portanet, época na que se construíron outros 20 colexios. Contaba con dous edificios: un onde agora está o patio cuberto, que estaba destinado só as aulas, e outro que estaba destinado a comedor (que nunca se empregou para tal fin, e si como ximnasio) e administración.

Con posterioridade, construíronse dúas clases máis, pegadas ao ximnasio, o que agora e casa do conserxe.

Os patios son extensos e nun principio estaban sen pechar. Pecháronse no ano 1.989.

### **Edificio administrativo**

Constaba de ximnasio, o despacho de dirección e a sá de mestres.

No ano 1983 constrúese un anexo ao ximnasio para as clases de infantil e os vestiarios e divídese a dirección para que o A.N.P.A. tivera un local.

### **Edificio de clases**

Estaba dividido en dúas alas: dereita e esquerda, con 5 aulas cada unha e só había 2 baños en cada ala. Na dereita estaban os alumnos pequenos e na esquerda os maiores.

### **✂ DESPOIS DO DERRIBO**

No ano 1.989, en 22 colexios de Vigo, detectáronse moi graves deficiencias nas súas estruturas e a Xunta de Galicia decide derrubar 17 e arranxar 5 deles. O noso centro foi un dos que no verán de 1.989 derrubaron e no tempo de tres meses construíron de novo.

O edificio consta de sótano, que nun principio non estaba acondicionado, planta baixa, 1ª planta e 2ª planta. Na planta baixa ten dúas aulas grandes e dous espazos pequenos, os aseos, a conserxería, cuarto de orientación e o bunker (coa máquina do ascensor). Na 1ª planta hai dúas clases grandes, dúas medianas, unha pequena e aseos de nenos e nenas. Na 2ª planta hai catro clases medianas, dúas pequenas e aseos de nenos e nenas.

### **✂ DECISIONS SOBRE ESPACIOS**

A primeira decisión foi que as dúas aulas de infantil e a aula de educación especial deixaran a súa ubicación e ocuparan as aulas grandes da planta baixa e educación especial a pequena da 2ª planta. Esta decisión supón a merma de moitos espazos para o centro, pero o claustro asume esa perda xa que se gaña en que os nenos de infantil non estean apartados do resto do centro.

Tamén se decide que as aulas antigas de infantil se destinen a casa do conserxe (na actualidade comedor) e o sótano a aula de pretecnoloxía e laboratorio (actual aula de inglés e aula de música). As demais decisións son fáciles de tomar: fronte a conserxería será a sá de mestres e a outra pequena a dirección. As clases iranse ocupando segundo o número de alumnos e as idades.

### **✂ DIMENSIONS DOS ESPACIOS**

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO  
C.E.I.P. PÁRROCO DON CAMILO – REMOZADO NO ANO 2017

NÚMERO DE AULAS	
4 Aulas	54 m <sup>2</sup> /cada unha
6 Aulas	41 m <sup>2</sup> /cada unha
2 Aulas	30 m <sup>2</sup> /cada unha
ZONA COMÚN DOCENTE E DE SERVICIOS	
Comedor	90 m <sup>2</sup>
Aula de música	57 m <sup>2</sup>
Aula de P.T.	30 m <sup>2</sup>
Ximnasio	150 m <sup>2</sup>
Biblioteca	60 m <sup>2</sup>
Pista polideportiva	700 m <sup>2</sup>
ZONA ADMINISTRATIVA	
Despacho Dirección	14,5 m <sup>2</sup>
Secretaría	15,5 m <sup>2</sup>
Sá de mestres	30 m <sup>2</sup>
Conserxería e Orientación	11 m <sup>2</sup>
Bunker	14 m <sup>2</sup>
Almacén Ximnasio	6 m <sup>2</sup>
PATIOS DE RECREO	
Infantil	210 m <sup>2</sup>
Terra frente edificio	424 m <sup>2</sup>
Cemento cuberto	327 m <sup>2</sup>
Terra posterior	1.072 m <sup>2</sup>
Terra posterior pequeno	297 m <sup>2</sup>
Pista polideportiva	880,72m <sup>2</sup>
ZONA AXARDINADA	
Xardín Infantil	178 m <sup>2</sup>
Xardín posterior	30 m <sup>2</sup>
Xardineras	235 m <sup>2</sup>
OUTRAS INSTALACIÓNS	
Aseos planta baixa	Mestres
	Infantil
	Minusválidos
Aseos primeira planta	Nenos
	Nenas
Aseos segunda planta	Nenos
	Nenas
Ascensor	2 m <sup>2</sup>
Vestiaros	Nenos
	Nenas
Horto escolar	70 m <sup>2</sup>
Zona aparcamento	287 m <sup>2</sup>
Almacen limpeza	6 m <sup>2</sup>

### ✂ACONTECEMENTOS IMPORTANTES NO CENTRO

- No curso 84-85 crease a unidade de educación especial.
- Despois do derrubo, en diferentes anos, fíxose a casa do conserxe, apuntalouse o ximnasio, acondicionouse a biblioteca, pechouse o patio cuberto, arranxouse a pista polideportiva (todo isto dous anos despois do derrubo). Un ano despois de facer o colexio novo, fixéronse as aulas de pretecnoloxía e laboratorio.
- No curso 89-90, pechouse todo o recinto escolar (anexionouse o último terreo do patio de atrás no ano 1.985).
- No curso 92-93 incorpórase o ensino da lingua inglesa a 5º e no curso 93-94 a 3º e 4º.
- No curso 92-93, incorpóranse ao centro os alumnos de 3 anos.
- No curso 93-94 acollémonos ao plan de integración de alumnos con necesidades educativas especiais.
- No curso 96-97 marchan ao instituto os alumnos de 1º da ESO (antigo 7º) e no 97-98 os de 2º da ESO (antigo 8º) quedando o centro cos cursos de educación infantil (3, 4 e 5 anos) e primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º).

### ✂SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

- Transporte escolar: 3 liñas.
- Porteiro vixiante.

## **2.3. ANÁLISE DO ALUMNADO E DO PROFESORADO.**

### **2.3.1. Profesorado.**

En canto aos recursos humanos, o centro conta cos seguintes postos escolares:

- 4 mestres especialistas en educación infantil.
- 5 mestres-titores de educación primaria.
- 1 mestre especialista en francés.
- 1 mestre especialista en inglés.
- 1 mestre titor con perfil de inglés.
- 1 mestre especialista en educación física.
- 1 mestre especialista en educación musical.
- 1 mestre especialista en pedagogía terapéutica.
- 1 mestre especialista en audición e linguaxe compartido con outros centros.
- 1 mestra de relixión compartida con outro centro.
- 1 orientador compartido con outro centro.

### **2.3.2. Alumnado**

Nos últimos anos a matrícula do noso centro vese moi incrementada debido á urbanización do P.A.U. de Navia que se está a desenvolver moi preto do colexio (pasando dos 200 alumnos).

A maioría dos alumnos do noso centro pertencen a familias de clase media que teñen un bó concepto do colexio e colaboran abertamente co mesmo, tanto no que atinxe directamente á educación dos seus fillos, coma no desenvolvemento de actividades complementarias organizadas polo centro.



Contamos con alumnos con necesidades educativas especiais, algúns deles asociados a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, pertencentes a minorías étnicas, e/ou a familias desestructuradas.

As medidas de atención para estos alumnos levanse a cabo a través de reforzos educativos, adaptacións curriculares, apoios e programas de intervención que axuden ao alumno/a no seu proceso de aprendizaxe.

## **2.4. NOTAS DE IDENTIDADE.**

### **PREPARACIÓN PARA PARTICIPAR NA VIDA SOCIAL**

- Será primordial crear un ambiente agradable de traballo, establecendo entre a comunidade escolar relacións equilibradas e constructivas. Para isto, proporcionaremos pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, tomas de decisións colectivas e superación de conflitos, mediante o diálogo e a cooperación.

### **FORMACIÓN PARA A PAZ, COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

- A educación dirixirase ao desenvolvemento da capacidade do alumnado para exercer, de xeito crítico, a liberdade, a tolerancia e a solidariedade. Por todo eso, é un obxectivo fundamental no noso centro que aprendamos a convivir cos demais, sen discriminación de calquera tipo e poñendo en práctica habilidades sociais.

### **FORMACIÓN PERSONALIZADA**

- O ensino terá un carácter persoal e deberá adaptarse aos distintos ritmos de aprendizaxe de cada neno/a. O centro prestará atención á diversidade do seu alumnado con respecto tanto as súas capacidades físicas, como intelectuais ou culturais.

### **PARTICIPACIÓN DOS PAIS, NAIS OU TITORES**

- A comunicación entre a escola e os pais/nais de alumnos/as será necesaria para resolver mediante o diálogo e a actuación coordinada os problemas que poidan plantexarse. A través de entrevistas individuais e de reunións colectivas, pais/nais e profesorado manterán un intercambio de información sobre a programación que se propón, os progresos individuais e de grupo que se van producindo e as dificultades que vaian aparecendo.

### **RELACIÓN CO ENTORNO**

- O centro participará en actividades que permitan coñecer o seu entorno, o seu patrimonio cultural e as súas tradicións para poder colaborar na súa conservación e mellora. Participaremos en visitas organizadas polo Concello, AA.VV., Comunidade de Montes, mestres, etc.
- As aprendizaxes globalízanse a través de proxectos de traballo e tratamos de coordinalos entre todo o centro, alomenos nas seguintes celebracións: Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido, semana das Letras Galegas e festival de Fin de Curso.

### **COEDUCACIÓN**

- Pretendemos conseguir que os nenos e nenas teñan as mesmas posibilidades e oportunidades, eliminando diferencias de roles entre home e muller. Fomentamos a coeducación en todas as áreas, para chegar ao desenvolvemento integral da persoa, favorecendo o proceso de identidade respecto ao propio sexo, con absoluto respecto ao sexo oposto.

### **LINGUA DE APRENDIZAXE**

- En Educación Infantil impartirase o ensino na lingua maioritaria do alumnado, tal e como marca a lexislación vixente. Para saber a lingua materna dos alumnos de novo ingreso, pasaremos unha enquisa coa documentación de matrícula.
- Durante os últimos anos, despois dos resultados obtidos coa enquisa, o emprego do galego e o castelán faise do seguinte xeito:
  - Cara a iniciación da lecto-escritura, emprégase o castelán. Na etapa infantil, introdúcese paulatinamente o galego, empezando pola expresión oral.
  - A aprendizaxe das regras gramaticais farase paralelamente nas dúas linguas.
  - En Primaria, as áreas de sociais, naturais, educación física, materia de libre configuración impártense en galego.
  - A comunicación oral entre a comunidade escolar faise nas dúas linguas.

#### OBXECTIVOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Tódolos anuncios, comunicados, actas, letreiros e traballo administrativo serán en galego.
- Editaranse dous xornais anuais en galego. Un polo Nadal e outro conmemorando as Letras Galegas.
- Informarase e facilitarase a asistencia aos cursos de galego.
- Desenvolver a capacidade do neno/a para coñecer os fonemas vocálicos e consonánticos do galego, tanto na fala como na lectura e na escritura.
- Construír a través da lingua, a propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.
- Respetar as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas presentes na nosa comunidade, e valorar a súa existencia como aportación enriquecedora.
- Desenvolver o hábito e pracer lectores mediante libros escritos en galego.
- Potenciación de actividades que axuden o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Coñecer e diferenciar as linguaxes e os soportes dos diferentes medios e formas de comunicación social (cómic, prensa, televisión, radio, publicidade, ordenador, Internet...) razoando a súa importancia na configuración das conductas lingüísticas e das opinións persoais.
- Utilizar os medios de información e as TICs como fonte de información e entretemento, desenvolvendo a conciencia crítica.
- Estudiarase cada ano o comportamento socio-lingüístico dos alumnos e familias de novo ingreso, tanto en educación infantil como primaria.
- Respetarase o dereito dos nenos/as de falar a súa lingua á hora de chegar á escola e durante a súa escolarización.
- Farase un esforzo por mellorar o uso do galego na escola, procurando que nas asignaturas que se imparten en galego, os nenos/as se expresen neste idioma.

#### OBXECTIVOS PARA A INTEGRACIÓN

- Implicar a todo o claustro de mestres no Plan de Integración, non sómentes a aqueles titores que teñan nenos integrados na súa titoría, xa que todos son titores e mestres en potencia destes nenos en vindeiros cursos e porque algúns deles teñen dous mestres.
- Informar aos titores sobre a lexislación vixente e o modo en que se vai levar a cabo a integración. Estes informarán ao resto dos mestres que den clase aos nenos integrados.
- Evitar a segregación dos nenos integrados e o rechazo pola banda de resto do alumnado, fomentando basicamente a integración social destes nenos e a autoestima.

- Estudio detallado por parte do mestre de apoio e dos titores, dos informes correspondentes de cada alumno, suministrados polo orientador, equipo psicopedagógico de apoio, etc.
- Atención individualizada de todos os alumnos con necesidades educativas por parte dos mestres, titores e máis especificamente polo mestre de apoio, elaborando as A.C.S oportunas ou os programas de reforzo.
- Contacto e colaboración constante co equipo de orientación para o seguimento e avaliación destes alumnos/as, por se fose necesario modificar obxectivos, metodoloxía, etc.
- Implicar directamente aos pais dos nenos no proceso educativo dos seus fillos para que haxa coordinación entre o traballo realizado na escola e o da familia.
- Coordinación dos criterios de avaliación mediante o traballo en equipo dos mestres, titores, mestre de apoio e orientador.

#### PRINCIPIOS PARA A INCLUSIÓN:

- Concíbese a atención educativa á diversidade como *o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado*. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos do noso centro.
- O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios a todo o alumnado. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos do ANEAE (alumnado con necesidade específica de apoio educativo): aquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo, deberá axustarse, entre outros, aos principios de inclusión, normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.
- En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que se lles ofrecerá unha resposta educativa que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos **principios de normalización e inclusión** e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da nosa comunidade educativa.

#### OBXECTIVOS PROMOTORES DA INCLUSIÓN:

- Implicar a todo o claustro de mestres no desenvolvemento do **Plan Xeral de Atención á Diversidade**, independentemente do feito de que interveñan directamente con alumnado con necesidade específica de apoio educativo ou non.
- Implicar a todo o profesorado na actualización da formación sobre a lexislación vixente en materia de atención á diversidade (Decreto 229/2011 de 7 de decembro) e na metodoloxía que mais facilita a inclusión (aprendizaxe cooperativa, proxectos de aprendizaxe, aprendizaxe por tarefas, actividades servizo, tutoría entre iguais, alumno guía...).

- Propiciar a coordinación docente para lograr a coherencia educativa co ANEAE ao longo do curso.
- Facilitar a coordinación docente para lograr a coherencia educativa co ANEAE nos cambios de curso e no cambio de etapas educativas.
- Propiciar a inclusión plena do ANEAE anticipándose a posibles condutas de acoso, rexeitamento ou aillamento social a traves de actividades e dinámicas cooperativas de cohesión social e metodoloxías e actividades que fortalezan a súa autoestima.
- Facilitar o intercambio de información pertinente do ANEAE (informes psicopedagóxicos e expediente académico) entre os compoñentes do seu equipo docente e os especialistas do Dep. de Orientación para adecuar e axustar a resposta educativa ás necesidades deste alumnado.
- Desenvolver as medidas de adecuación do currículo necesarias para a intervención educativa co ANEAE, coa colaboración do Dep. de Orientación, priorizando as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario como:
  - *Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.*
  - *Adecuación das programacións didácticas ao ANEAE.*
  - *Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.*
  - *Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.*
  - *Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.*
  - *Desdobramentos de grupos.*
  - *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.*
  - *Programas de enriquecemento curricular.*
  - *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.*
  - *Programas de recuperación.*
  - *Programas específicos personalizados.*
  - *Programas de habilidades sociais.*
- As medidas de carácter extraordinario que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñen cambios esenciais no ámbito organizativo, aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Tal como establece o D. 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:
  - *Adaptacións curriculares significativas (ACS).*
  - *Agrupamentos flexibles.*
  - *Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.*
  - *Flexibilización da duración do período de escolarización.*
  - *Grupos de adquisición das linguas.*
  - *Grupos de adaptación da competencia curricular.*
- Elaborar por parte das mestras titoras as adaptacións curriculares e organizativas necesarias para a intervención educativa co ANEAE, coa colaboración do Dep. de Orientación, priorizando as medidas de atención á diversidade de carácter ordinario.
- Elaborar as A.C.S oportunas ou os programas de Reforzo cando sexa necesario para o ANEAE por parte da mestra titora, contando sempre coa colaboración da orientadora, mestras de PT e AL e mestras especialistas que impartan docencia co alumno-a.

- Desenvolver a atención individualizada do ANEAE por parte dos mestres, tutores e, de selo caso por parte das mestras de apoio na aula ordinaria de referencia preferentemente.
- Facilitar por parte das titoras a intervención educativa das mestras de apoio na aula, a través da programación de actividades e tarefas o máis inclusivas posibles nas sesións que contén con dito apoio.
- Contacto e colaboración constante co equipo de orientación para o seguimento e avaliación destes alumnos/as, por se fose necesario modificar obxectivos, metodoloxía, etc.
- Implicar directamente ás nais, pais ou tutores legais do alumnado no proceso educativo dos seus fillos e fillas para que maximizar a coordinación e coherencia entre o traballo escolar e as accións educativas familiares.
- Coordinación dos criterios de avaliación mediante o traballo en equipo dos mestres, tutores, mestre de apoio e orientador.

Concreción das actuacións educativas en relación coa intervención directa co ANEAE:

✓ As intervencións da mestra de apoio especialista de PT serán propostas polo departamento de orientación e deseñadas en colaboración coa mestra titora. Tales actuacións de apoio ao ANEAE da mestra de PT levaranse a cabo normalmente dentro da aula ordinaria co seu grupo. So poderán levarse a cabo fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente xustificados nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non exceda a terceira parte da xornada escolar.

*(art. 19 da Orden de 27 de decembro de 2002)*

✓ Dentro das aulas, o mestre-a de apoio intervendrá co ANEAE directamente e do xeito máis inclusivo posible, non tendo que limitarse a apoiar somentes ao alumno-a con máis necesidade, podendo programar e desenvolver actividades ou tarefas inclusivas con todo o grupo coordinada coa titora.

✓ A organización dos horarios das mestras de apoio de PT e AL lle corresponde ao Dep. de Orientación, e se realizará coa finalidade de maximizar este recurso persoal axustando a dispoñibilidade horaria ás necesidades do ANEAE atendendo á súa gravidade.

✓ A atención á diversidade corresponde a todo o profesorado e non somentes ao profesorado de apoio. É responsabilidade de cada titora e de cada mestra de área a adaptación das actividades e tarefas escolares de xeito que faciliten a inclusión plena do ANEAE no desenvolvemento da actividade diaria da aula, podendo contar coa colaboración e asesoramento do Dep. de Orientación.

✓ Adaptaremos a organización dos espazos e dos tempos na aula tendo en conta as necesidades do ANEAE do grupo, facilitando a autonomía no traballo e o acceso autónomo aos materiais e o movemento e orientación na aula e no centro sen necesidade de apoio (por ex: colocando indicadores con imaxes ou pictogramas)

✓ Crearemos bancos de recursos para o ANEAE do noso centro, de xeito que o esforzo e o aproveitamento docente non sexa individualista, senón cooperativo.

✓ Adecuaremos a Programación de Aula ás características do grupo, tendo en conta ao ANEAE, respectando o ritmo de aprendizaxe do alumnado, partindo sempre dos seus coñecementos previos, respectando o seu nivel de desenvolvemento e o ritmo madurativo individual.

✓ A intervención educativa será flexible e personalizada. O proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado será continuamente avaliado e modificado se fose necesario. Intentaremos que as destrezas adquiridas e as aprendizaxes se consoliden.

✓ É importante lograr o establecemento dun clima afectivo de carácter positivo entre o mestre e o alumno. Teremos sempre en conta a experiencia previa do alumno como punto de partida, para levalo a continuación a experiencias novas.

✓ Evitaranse as situacións de presas e estrés xa que perxudican o ambiente de aprendizaxe, non respectan as necesidades do alumnado e son contrarias aos principios de convivencia.

✓ Para acadar o desenvolvemento harmónico da personalidade do neno, e para que todo o exposto anteriormente se leve a bo termo é imprescindible a colaboración entre profesorado, familias e alumnado.

✓ A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado tal como establece a normativa vixente será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

✓ A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

✓ A avaliación do ANEAE tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, realizando a adaptación das condicións de realización da avaliación (ex: adaptación de exames, ampliación de tempos, probas orais,...), de forma que se garanta a obtención da información referente á súa aprendizaxe real.

Cando o alumnado teña autorizada unha ACS, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación. (*Orden de 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e promoción da ed. primaria*)

## **2.5. FINALIDADES EDUCATIVAS.**

- Potenciar os hábitos de comportamentos democráticos.
- Aprender competencias sociais, para convivir cos demais en harmonía e con respecto mutuo, poñendo en práctica as normas básicas de convivencia social (educar nas habilidades sociais).
- Aprender a vivir sen discriminación por razóns de sexo, relixión, ou outras circunstancias.
- Educar para a Paz, poñendo na súa base o diálogo e a tolerancia.
- Coñecer o entorno e interrelacionarse positivamente con el.
- Educar tendo en conta as peculiaridades de cada persoa.
- Educar de forma integradora e inclusiva.
- Procurar e facilitar de xeito activo que o alumnado sexa feliz na escola cada día, logrando así unha formación afectiva estable e logrando deste modo unha boa base para as aprendizaxes.
- Concienciar as familias da necesidade e importancia da súa colaboración coa escola e da necesidade dunha coherencia educativa.
- Desenvolver a responsabilidade no traballo e nas diversas tarefas da vida.
- Desenvolver e potenciar o sentido crítico e o pensamento autónomo que preveña as manipulacións.
- Desenvolver a creatividade e o sentido artístico.
- Adquirir hábitos de vida saudable, limpeza, hixiene e alimentación equilibrada.

- Aprender a coñecer e valorar o propio corpo e a actividade física desde a etapa infantil, para usalo como recurso no tempo de ocio e ter unha mellor calidade de vida.
- Introducir ao neno/a desde infantil no idioma estranxeiro (inglés), de xeito que o vexa dunha forma natural e chegue a adquirir a competencia nesta lingua.
- Adquirir competencia na cultura musical desde a entrada na escola, co alumnado de tres anos.
- Desenrolar a formación nas TICS, desde infantil, para chegar a ser competentes na busca de información, selección, tratamento, etc.

## **2.6. LINGUA EMPREGADA**

→ NO CENTRO EDUCATIVO: A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro e nas notas informativas dos taboleiros é do 100%. O emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións é moi alta. Nas interaccións co alumnado en contextos informais emprégase máis o castelán, pero tamén se usa o galego. O persoal non docente emprega maioritariamente a lingua castelá.

En relación ao galego no noso concello, hai problemas coa competencia oral, cun uso que se mantivo vivo de maneira xeneralizada nos círculos familiares, pero que non se emprega polos cativos. De feito, coincidimos en que practicamente todos os cidadáns declaran que entenden o galego, aínda que no noso entorno non son quen de falalo. Outra cousa ben distinta é a capacidade para ler e escribir en galego; así, observamos como as destrezas escritas son minoritarias nos cidadáns de máis idade e que aumentan considerablemente nas xeracións máis novas.

→ LINGUA MATERNA: A lingua maioritaria empregada polas familias é o castelán. Faise coa documentación de solicitude de admisión unha enquisa sobre a lingua materna empregada polas familias.

## **2.7. LINGUA ESTRANXEIRA: CENTRO PLURILINGÜE**

O Centro pertence a rede de Centros Plurilingües.

O concepto de competencia plurilingüe e pluricultural tenderá a:

- Afastarse do concepto de lingua primeira e lingua segunda facendo máis fincapé no plurilingüismo.

Os obxectivos xerais serán:

- ❖ Fomentar o plurilingüismo e a diversidade lingüística.
- ❖ Mellorar a competencia lingüística dos alumnos/as.
- ❖ Aumentar e facilitar o contacto coa lingua estranxeira e as ocasións de uso.
- ❖ Mellorar os obxectivos lingüísticos establecidos para a área.

# **3. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO**

## **3.1. ÓRGANOS DE GOBERNO**

3.1.1- UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO A dirección, xefatura de estudos e secretaría serán os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade,

propiciando a participación e o bo entendemento entre eles. Coa LOMCE as funcións do director quedan recollidas no Capítulo IV, artigo 132

3.1.2- COLEXIADOS: CONSELLO ESCOLAR E CLAUSTRO. O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar. A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127. O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE.

### **3.2.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

**3.2.1. Equipos de ciclo.** Establécense os seguintes Equipos de Ciclo:

- Un equipo de educación infantil
- Coa LOMCE desaparecen os ciclos na Etapa de Educación Primaria, pero decidíuse que todos os titores acudan a CCP, así como os coordinadores dos diferentes equipos.

**3.2.2. Comisión de coordinación pedagóxica.** A finalidade desta Comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical do proxecto curricular do centro. Composición: está presidida polo director/a do centro, e integrada polo xefe/a de estudos, os coordinadores/as de ciclo ou dos diferentes equipos, un profesor/a de pedagogía terapéutica, a mestra de A.L. e o xefe/a do departamento de orientación. Coa aplicación da LOMCE non existen coordinadores de Ciclo en Educación Primaria polo que acudirán todos os titores.

**3.2.3. Equipo de dinamización da lingua galega**

**3.2.4. Equipo de actividades extraescolares ou complementarias**

**3.2.5. Departamento de orientación**

**3.2.6. Equipo de biblioteca e Plambe.**

**3.2.7. Equipo TIC**

### **3.3. PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Formado pola porteiro-vixiante

### **3.4. ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS**

## **4. AS ETAPAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

### **4.1. EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **4.1.1. Características da etapa.**

Os contidos educativos da Educación infantil organízanse nas seguintes áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas débense entender como os referentes curriculares arredor dos que se artellan as experiencias e o desenvolvemento infantil e a aprendizaxe de **actitudes, procedementos e conceptos**, que contribuirán ao medre dos nenos e farán mais doado o



achegamento ao coñecemento do seu contorno e á atribución de significados ao mesmo, participando activamente nel.

Cada unha destas áreas de contido define uns obxectivos propios que van ser abordados **conxuntamente** dende tres aspectos; **o propio contido** ao que se refiren, **os procedementos** que lle son propios e **as actitudes** que conlevan. E serán avaliados tendo en conta os criterios que os explicitan.

**O valor formativo da área de Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal** implica o progreso nos seguintes ámbitos de aprendizaxe e desenvolvemento:

- Coñecemento do seu corpo, dos seus compoñentes e das súas funcións.
- A identificación das súas posibilidades de acción, de coordinación e de control gradual.
- A realización cada vez máis autónoma de actividades cotiás e tarefas sinxelas.
- A formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmo recoñecendo as súas características, posibilidades e limitacións.
- Desenvolvemento dun sentimento de autoconfianza e da capacidade de iniciativa para actuar no seu ámbito máis inmediato.
- Recoñecemento dos seus intereses, necesidades, emocións, sentimentos.
- A adecuación do seu comportamento ás distintas situacións, necesidades e requirimentos dos outros.
- Desenvolvemento de actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de submisión ou dominio.
- A adquisición gradual de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde.

**O valor formativo da área de coñecemento do contorno** implica o progreso nos seguintes ámbitos de aprendizaxe e desenvolvemento:

- A manipulación de obxectos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamento, clasificación, orde e cuantificación como vía para o desenvolvemento de habilidades matemáticas.
- Coñecemento e comprensión dos elementos máis significativos do medio físico e natural.
- A observación, a análise e a comprensión das relacións, cambios e transformacións nos elementos da natureza.
- Desenvolvemento de actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na conservación do medio.
- A exploración activa do medio, buscando interpretacións sobre situacións e feitos significativos.
- Establecemento de vínculos de relación cos outros.
- A interiorización e o axuste progresivo de pautas de comportamento social.
- A identificación de grupos sociais próximos, as súas características, valores e formas de vida.
- A forxa de actitudes de confianza, respecto e aprecio cara aos que o rodean.

**O valor formativo da área Linguaxes: Comunicación e Representación** implica o progreso nos seguintes ámbitos de aprendizaxe e desenvolvemento:

- A comprensión de mensaxes das persoas coas que se inicie unha relación.
- Emprego da lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e deleite, de expresión de ideas e sentimentos.
- A valoración da lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- A utilización de todas as linguaxes para expresar sentimentos, desexos e ideas, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Desenvolvemento dunha actitude de curiosidade e respecto cara ás diferentes linguas e modalidades lingüísticas.
- A comprensión, a recreación e o deleite dalgúns textos literarios.
- A toma de contacto cos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e deleite.
- A observación interesada e a valoración de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.
- Emprego de diversas técnicas artísticas para representar e comunicar mellor.
- Inicio no uso oral doutras linguas do currículo para comunicarse en actividades dentro/fóra da aula, mostrando interese e deleite ao participar nestes intercambios comunicativos.

#### **4.1.2. Características do alumnado.**

Entre os tres e os seis anos, o neno experimenta unha considerable evolución.

Comeza este segundo ciclo da Educación Infantil cun precario control do seu propio corpo, unha socialización e unha capacidade de comunicación limitadas e un mundo afectivo que está a medrar.

Ao rematar ós seis anos, o neno ten xa un considerable dominio do espazo, un interese por relacionarse cos demais e un universo afectivo máis amplo e rico en experiencias.

Ao longo deste ciclo empeza a comprender o ambiente inmediato e a manexarse en novas situacións.

O xogo, a experimentación e a realización de actividades de carácter globalizado parecen un medio eficaz para conseguilo.

Imos explicar primeiramente as características xerais dos nenos deste ciclo a nivel intelectual, socioafectivo, motriz e lingüístico para de seguido explicitar estas características para cada idade segundo a súa repercusión na aula

#### **► Características intelectuais**

As características do pensamento desta idade pódense sintetizar en:

1. Pensamento concreto: Pode representar mentalmente obxectos e accións, sempre que traballe directamente coa realidade. As clases de Ed. Infantil han de ter abundante material por esta razón.
2. Pensamento sincrético: Realizan percepcións xerais para despois centrarse na parcela que lle interesa. Este modo de pensamento xustifica a globalización da etapa.
3. Pensamento egocéntrico: O neno é incapaz de establecer relacións causales ou analoxías e as súas formulacións son subxectivos. Non poden situarse no punto de vista dos demais. Toda a realidade redúcese á súa eu.
4. Pensamento transductivo ou preconceptual: Procede do particular ao particular, é incapaz de xeneralizar.
5. Pensamento irreversible: Non pode volver ao momento de orixe porque non hai conservación no seu pensamento.
6. Pensamento máxico: Concibe o mundo animado por forzas sobrenaturais. Dota de vida e poder a animais e seres inanimados (animismo). Dota de intencionalidade aos obxectos (intencionalismo).
7. Pensamento Fenoménico: Centra a súa atención sobre un trazo rechamante, incapaz de considerar todos os demais factores que inciden no feito.
8. Xogo simbólico: Substitúe obxectos polo que a el interésalle: Unha vasoira é un cabalo.

► **Características afectivas e sociais:**

No aspecto afectivo:

1. Necesidade de sentirse seguro e querido, isto contribúe á formación dunha autoimaxe positiva.
2. As interrelacións sociais van estar fortemente condicionadas polo seu egocentrismo, polo tanto a escolarización supón un paso decisivo na súa socialización.
3. Teñen pouca capacidade para manter a atención en períodos prolongados de tempo, característica que haberá que ter en conta ao temporalizar as actividades escolares.
4. Moral heterónoma, vai aceptar as regras que se lle impoñan aínda que non as asimila, por isto débenselle explicar a un nivel que poida entender. A primeira moral do neno é a obediencia e o primeiro criterio, durante moito tempo é a vontade dos pais.
5. Regulación de intereses e valores: O interese implica un sistema de valores. É capaz de aprazar a recompensa un curto espazo de tempo, se aquilo paga a pena para el.
6. Desenvolvemento de sentimentos interindividuais: Afectos, simpatías e antipatías cara aos que lle rodean.

No aspecto social:

- 1- Atravesan unha etapa egocéntrica, só falan de si mesmos e non teñen en conta o punto de vista dos demais.
- 2- A interrelación cos outros e a súa imitación achéganlles a un diálogo socializado.
- 3- Relaciónanse cos adultos segundo criterios de obediencia e estima.
- 4- Consideran aos maiores modelos de comportamento e aprenden deles actitudes de conduta e normas sociais básicas.
- 5- Inician, gradualmente, a formación de pequenos grupos, determinados por intereses inestables ou polo sexo dos seus integrantes.
- 6- Na aula, o vencello de relación é o profesor, polo que necesitan sentirse queridos.

► **Características psicomotrices:**

Neste período o neno:

Descobre o seu corpo e as súas posibilidades: salta, corre, sobe, modela, debuxa, pega, etc. cada día manexa mellor as súas pernas, brazos e mans.

Dirixe os movementos e coordínalos con maior destreza e equilibrio. Xorde a dominancia lateral.

Establécese a visión binocular (simultánea cos dous ollos).

Logra un desenvolvemento, polo xeral completo da motricidade grosa (aos 5 anos). A motricidad fina haberá que desenvolvela e afianzala ao longo do ciclo.

Desenvolve o esquema corporal, eixo corporal, a partir da previa diferenciación das partes.

Os conceptos espazo-temporais deberán ser traballados estruturalmente, e mellora a súa capacidade para orientarse no tempo e no espazo.

Incrementan o control do ton muscular e a respiración.

Aumentan a súa capacidade de atención, que se fai máis sólida e consciente.

► **Desenvolvemento da linguaxe:**

A súa linguaxe, sobre todo a oral, adquire maior expresividade e adopta recursos simbólicos.

A partir do tres anos, os nenos e nenas dispoñen da capacidade de operar con múltiples representacións. Cara aos 4 anos xa asimilaron, en xeral, as regras gramaticais básicas da súa lingua materna. A esta idade poden recoñecer palabras moi significativas da súa contorna, polo que se pode favorecer a súa habilidade lectora.

Explican o que lles rodea deixándose levar pola imaxinación, dan vida a obxectos inanimados, describen as cousas pola súa utilidade, establecen lazos con situacións próximas e todo o consideran o resultado da acción humana.

A linguaxe escrita tamén adquire importancia nestes anos, iniciándose a súa aprendizaxe mediante a representación gráfica de letras, palabras e frases sinxelas.

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e as alumnas destas idades , que van condicionar de forma decisiva a intervención docente na aula, son as seguintes:

### **Nenos e nenas de tres a catro anos**

Centran a súa actividade nos xogos motores, cantan, bailan e escoitan música.

■ Son nenos que realizan movementos grosos e finos:

- Fan continuos desprazamentos.
- Soben escaleiras, brincan.
- Collen unha pelota grande coas dúas mans.
- Camiñan na punta dos pés.
- Fan quebracabezas.
- Constrúen torres de máis de quince pezas.
- Xutan o balón.
- Controlan a marcha perfectamente no seu inicio e freada.
- Non controlan moito os xiros.

■ Interésanse por coñecer o seu propio corpo e o dos demais:

- Observan a súa imaxe no espello.
- Gozan disfrazándose e pintándose.
- Son capaces de descubrir que parte da figura humana está incompleta, completala e identificarse como neno ou nena.
- Continúan traballando en consolidar logros no ámbito da hixiene e coidado persoal.
- Utilizan os cubertos para comer.
- Vístense e íspense con axuda, etc.

■ Mostran as súas primeiras estratexias de inserción social:

- Gústalles participar en actividades de grupos.
- Saúdan persoas que coñecen.
- Prestan atención ás demandas dos adultos.
- Ao inicio da etapa xogan xunto con outros nenos e nenas.
- Pouco a pouco xogan con eles/as e empezan a compartir os xoguetes.
- Seguen regras básicas de utilización de obxectos e espazos imitando o que fan outros.

### **Nenos e nenas de catro a cinco anos**

■ Centran o seu interese na realización de movementos cada vez máis precisos como:

- Camiñar sobre unha liña en equilibrio.

- Recortar e pegar cousas sinxelas.
- Baixar chanzos con alternancia dos pés.
- Pedalear nun triciclo, etc.
- Sérvense dos xogos simbólicos como recurso natural de expresión e representación de situacións cotiás que viven e que lle producen preocupación.
- Caracterízanse con calquera obxecto cotián para simular accións que viven.
- Falan en voz alta continuamente para regular as súas accións.
- Debuxan a figura humana coas súas partes básicas (cabeza, tronco e extremidades).
- Debúxanse a si mesmos en situacións habituais (na casa, no colexio).
- Continúan traballando con crecente autonomía no coidado persoal e hixiene.
- Van ao baño sós.
- Colaboran na limpeza e recollida (da casa e do fogar) tanto cos adultos como cos compañeiros e compañeiras.
- O seu comportamento social é cada vez máis adaptado:
- Piden permiso para usar os xoguetes e obxectos de uso colectivo.
- Piden axuda cando teñen dificultades.
- Participan en conversas colectivas.
- Piden por favor e dan as grazas.
- Falan continuamente e buscan a aprobación do adulto intentando agradalo repetindo o que el di e facéndolle continuas preguntas.

### **Nenos e nenas de cinco a seis anos**

Estes nenos e nenas posúen as seguintes características:

Consolidan os logros que alcanzaron no seu coidado persoal.

■ Séntense cada vez máis seguros nas súas habilidades motrices:

- Trepan por escaleiras.
- Arrandéanse.
- Saltan chanzos.
- Saltan á pata coxa, patinan.

■ Na motricidade fina

- Recortan figuras sen desviarse da silueta.
- Trazan números e letras, etc.

■ Interésanse pola comunicación lingüística oral e escrita

- Polos contos e carteis e o que pon neles.
- Expresan as súas preferencias nos contos.

- Coñecen varias letras e gozan xogando con elas a poñer os seus nomes e cousas do seu interese.
- Inventan historias fantásticas e gústalles que llelas conten.
- Gozan falando cos demais contando o que fixeron.
- Contan contos e chistes sinxelos.
- Definen palabras e preguntan as que non comprenden.
- Falan de cousas non presentes claramente (o que fixeron no colexio, a que xogarán cos curmáns...).
- No que respecta ao comportamento social,
  - Participan en conversas colectivas respectando normas básicas.
  - Poden verbalizar e explicarlles aos demais as regras do xogo, ou como realizar unha actividade.
  - Son capaces de pertencer a un grupo estable de xogo.
  - Colaborar na consecución dun obxectivo común.
  - Escollen os seus amigos e amigas cos que cada vez gozan máis compartindo os seus xogos, interesándose por aprender distintos xogos sociais e de regras.

#### 4.1.3. Obxectivos xerais.

- a) Coñecer o propio corpo e o dos outros, e as propias posibilidades de acción respectando as diferenzas cos seus iguais.
- b) Observar e investigar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Alcanzar progresivamente autonomía nas súas actividades da vida cotiá.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente normas básicas de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución de conflitos dun modo construtivo.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectoescritura e perfeccionar o movemento, o xesto e o ritmo.

Todo esto quere dicir que haberá de se acadar ao longo do ciclo:

- ❖ Un progresivo control motor.
- ❖ Autocoñemento das propias posibilidades e limitacións.
- ❖ A interacción co medio físico, natural e social.
- ❖ O progreso no coñecemento e a diferenciación dos outros.

Así mesmo, é importante que o neno/a vaia utilizando de modo progresivo **os espazos e os materiais** que ten ao seu alcance para desenvolver a súa **autonomía**.

#### 4.1.4. Criterios para a organización do tempo en E. Infantil

O tempo débese caracterizar por ser:

- Flexible.
- De calidade con actividades atractivas para o alumnado.
- Ritmo con repetición constante e da mesma maneira dos feitos con asamblea, actividades, merenda, recreo e actividades.
- Haberá unha sesión semanal de Música, dúas sesións semanais de Psicomotricidade, unha sesión semanal de Relixión/Valores Sociais e dúas sesións semanais de 30 minutos de Inglés.

Os criterios baséanse en:

- Necesidades fisiolóxicas.
- Pautas sociais.
- Ritmos que diferencien distintos momentos do día.
- Respetar a globalidade do neno/a.
- Tempo para xogar.
- Manter as partes do horario de clase na mesma orde .
- Destacar os espazos que corresponden a actividades fixas.

O agrupamento dos alumnos de infantil basearase nos seguintes aspectos: mixto, flexible e con cooperatividade na aprendizaxe, evitando discriminacións.

#### **4.1.5. Período de adaptación en E. Infantil.**

*Figura recollido no Plan de Convivencia no apartado 4.5.11.Programa de acollida para alumnos e mestres de nova incorporación.*

## **4.2. EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **4.2.1. Características da etapa**

Na etapa de Educación Primaria comeza a escolaridade obrigatoria, o que propicia que poidan concorrer a ela os alumnos e as alumnas que cursaran Educación Infantil xunto a outros que accedan á educación institucional por primeira vez.

Mentres os nenos e as nenas con experiencia escolar anterior requiren continuidade e coherencia, nesta nova etapa os de novo acceso non terán máis remedio que adaptarse a un contorno diferente ó do seu fogar e cunha disciplina que suporá un reaxuste interno importante no seu comportamento habitual. Así mesmo, desde o principio, deberán saber que o obxectivo principal da súa asistencia ao colexio non é outro que aprender, o que pode crearlles certas tensións e obrigará aos profesores e ás profesoras a empregar estratexias metodolóxicas de atención personalizada.

En función destes parámetros, a Educación Primaria cumpre a importante misión de socialización e compensación, e correspóndese co inicio da adquisición polo alumnado de destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo) e coa súa aplicación ao medio e á súa cultura, ata chegar á autonomía persoal, espacial e temporal, así como intelectual, social e moral.

Durante a etapa, pouco a pouco, iranse afianzando as destrezas básicas mediante técnicas de traballo que faciliten o seu achegamento á análise da realidade dunha maneira máis racional e obxectiva. As tarefas adquirirán unha complexidade crecente que se verá facilitada pola aprendizaxe cooperativa, para inicialos nas súas primeiras



experiencias autónomas. Todo este proceso require unha adecuada atención á diversidade, en función das diferenzas individuais e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Sinteticamente, os trazos evolutivo-madurativos e os aspectos psicopedagóxicos desta etapa son os seguintes:

**a) Crecente capacidade de abstracción e nova construción do real**

- Posibilidade dunha aprendizaxe sistemática de códigos convencionais (lecto-escritura, calculo, linguaxe musical, códigos de representación espacial e temporal, etc.) e o seu uso de maneira fluída.
- Capacidade para apreciar e disociar calidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, etc.).
- Capacidade para construír abstraccións cun significado que parte da súa propia experiencia, illando as calidades dos obxectos e establecendo relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- Posibilidade dun coñecemento cada vez máis sistemático e elaborado (científico), non exclusivamente a través da experiencia.
- Desenvolvemento e afianzamento progresivo de actitudes, como a curiosidade intelectual, a necesidade de observación e control da realidade, o interese pola explicación, etc. que dan acceso ao mundo científico.
- Construción dun espazo e dun tempo obxectivos e cuantificables.

**b) Linguaxe e autonomía**

- Exercitación da súa total funcionalidade, dada a capacidade da propia lingua para a análise e a reflexión sobre os produtos lingüísticos, o que mellora a comprensión e a expresión.
- Dominio cualitativo da coordinación lingüístico-psicomotriz (neuromotriz, perceptomotriz, óculo-manual, etc.).
- Transvasamento progresivo da heteronomía á autonomía intelectual, social e moral, o que potencia a autonomía da propia aprendizaxe.

**c) Interacción social e autoconcepto**

- Consolidación da identidade.
- Concienciación das capacidades e limitacións.
- Aumento do control emocional.
- Avaliación da propia situación no contorno.
- Aceptación das normas e do punto de vista dos demais.
- Adaptación á vida escolar.
- Interacción cos demais.
- Convivencia en grupo.
- Aumento do autoconcepto, da autoestima e da autoeficacia.

En resumo, esta etapa debe proporcionar aos alumnos:

- A formación integral que facilite o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- A madurez necesaria correspondente a esta etapa do ciclo vital.
- O tratamento adecuado das súas diferenzas individuais.
- A posibilidade de realizar unha aprendizaxe construtiva.
- O coñecemento e o dominio básicos da propia persoa e do medio.

- f) O dominio das ferramentas básicas instrumentais do coñecemento.
- g) O desenvolvemento da cognición e da metacognición e a motivación (aprendizaxe autorregulada).
- h) A consolidación da súa socialización e da súa autoestima.

#### **4.2.2. Características do alumnado de educación primaria**

As peculiaridades máis relevantes dos alumnos e das alumnas nesta etapa, que van condicionar de xeito decisivo a intervención docente na aula, son as seguintes:

##### **Desenvolvemento afectivo**

Primeiro ciclo

- a) Melloran o control emocional (incentivo-emotivo) e desenvolven os sentimentos.
- b) Dependén aínda dos referentes máis significativos (pais, docentes, etc.).

Segundo ciclo

- a) Estabilizan o control emocional e asentán e melloran os seus sentimentos.
- b) Inician a súa independencia respecto dos referentes máis significativos, de camiño cara á autonomía.

Terceiro ciclo

- a) Adquiren unha madurez relativa no control emocional e nos sentimentos.
- b) Culminan a independencia progresiva dos referentes máis significativos, iniciando a súa autonomía real ao finalizar este ciclo.

##### **Desenvolvemento psicomotor**

Primeiro ciclo

- a) Consolidan o esquema corporal: ton, relaxación e respiración.
- b) Controlan as condutas motrices de base: postura, equilibrio e coordinación.
- c) Asentán as condutas neuromotrices: lateralidade, paratonías e sincinesias.
- d) Dominan as condutas perceptomotrices: estruturación espacial, estruturación temporal e ritmo.
- e) Perfeccionan a psicomotricidade grossa e fina.

Todas estas variables son fundamentais para a consolidación da madurez lecto-escritora, imprescindible para unha aprendizaxe eficaz.

Segundo ciclo

- a) Coñecemento e dominio do esquema corporal.
- b) Coñecemento e dominio das condutas motrices de base.
- c) Coñecemento e dominio das condutas neuromotrices.
- d) Coñecemento e dominio das condutas perceptomotrices.
- e) Coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e da fina.

O dominio da psicomotricidade vai permitir mellorar substancialmente a comprensión e a expresión de diferentes linguaxes, particularmente da escrita.

Terceiro ciclo

- a) Madurez no coñecemento e dominio da motricidade grossa e fina, no espazo e no tempo.
- b) Madurez no coñecemento e dominio da psicomotricidade grossa e fina, no espazo e no tempo (condutas ligadas ao esquema corporal, condutas motrices de base, condutas neuromotrices, condutas perceptomotrices e condutas ligadas ao movemento: axilidade, flexibilidade, precisión, forza, resistencia, velocidade, etc.).

Estes avances permiten explorar e tomar conciencia das propias posibilidades motrices, psicomotrices, expresivas e lúdicas. En suma, tomar conciencia do corpo de forma progresiva e integral, así como das esixencias que presentan o seu coidado e o seu desenvolvemento harmónico.

### **Desenvolvemento cognitivo**

Primeiro ciclo

- a) Atópanse no estadio evolutivo-madurativo do desenvolvemento intelectual das operacións concretas, o que implica a necesidade de manipular (obxectos, linguaxe, etc.) para a formación de conceptos e a súa categorización, aínda que estes sexan aínda moi elementais.
- b) Pasan da intelixencia práctica intuitiva á operativa (diversidade e organización de operacións), coñecendo a través da súa experiencia persoal e cotiá, evolucionando progresivamente cara á lóxica.
- c) Fan xirar a realidade arredor da súa persoa.
- d) Detectan e manexan símbolos e signos, que lles permiten aprender e incorporarse aos códigos convencionais.
- e) Utilizan un pensamento sincrético e analóxico, relacionando os elementos por xustaposición, percibindo globalmente a realidade, establecendo analogías sen realizar análises nin deducións, procedendo inductiva e intuitivamente.
- f) Adquiren progresivamente o pensamento causal, o que facilita a explicación real dos feitos, a liberación do subxectivismo e do egocentrismo, e o establecemento do límite entre o eu e a realidade.
- g) Manifestan gran curiosidade intelectual, e interésalle o porque das cousas.
- h) Usan a repetición e organización, as estratexias da linguaxe escrita (madurez), o estudo, a atención e a memoria.
- i) Avanzan no coñecemento de feitos (declarativo) e procesos (procesual).
- l) Conceptúan o número e as súas operacións.
- m) Realizan clasificacións e seriacións.
- n) Inician e desenvolven a descentralización, a reversibilidade e a conservación.
- ñ) Inician e desenvolven as operacións aritméticas, lóxicas, físicas (materia, peso e volume), espaciais, temporais e cinéticas.
- o) Inician e desenvolven a metacognición.
- p) Desenvolven progresivamente a capacidade de observación.
- q) Toman conciencia da permanencia do obxecto, das súas calidades e da importancia dos seus cambios, o que facilita o traballo con nocións físicas e matemáticas, e con procesos cíclicos de transformación.
- r) Melloran a función de representación do seu pensamento, ca cal amplían a concepción do espazo e do tempo, aínda de forma elemental.
- s) Desenvolven funcionalmente a linguaxe, o que determinará a estruturación do seu pensamento.

### Segundo ciclo

- a) Encóntranse no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual, aínda que cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización, co cal se nota maior nivel.
- b) A intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica.
- c) A realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.
- d) Dominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.
- e) Pasan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos).
- f) Incrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.
- g) Experimentan un cambio cualitativo no modo de organizar a realidade.
- h) Manifestan maior curiosidade intelectual.
- i) Consolidan a noción de conservación.
- l) Observan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.
- m) Afianzan a diferenza entre os feitos e fenómenos físicos e os psicolóxicos.
- n) Exploran as características dos materiais que utilizan.
- ñ) Utilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva.
- o) Melloran substancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva.
- p) Incrementan a capacidade lingüística, xa que consolidan a lingua materna e ofrecen a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

En xeral, reafirmanse as adquisicións do ciclo anterior e potencianse novos desenvolvementos que serán básicos para o seguinte ciclo, onde se culminará o período das operacións concretas, introdutorio das operacións formais, que leva á autonomía persoal.

### Terceiro ciclo

- a) Culminan o estadio evolutivo-madurativo das operacións concretas e introdúcese paulatinamente no das operacións formais, o que facilita o tránsito do mundo do concreto e do real ao mundo do abstracto e do posible. Isto permite o desenvolvemento das capacidades para construír abstraccións, que teñen un significado con orixe na propia experiencia, e para illar as calidades dos obxectos e establecer relacións entre eles mediante atributos, características e propiedades.
- b) Conseguen a madurez lóxico-operativa e inician a especulativa, o que facilita a posibilidade dun coñecemento cada vez máis elaborado (científico), non só a través da experiencia.
- c) Acadan a percepción obxectiva, instrumental e especulativa da realidade, desenvolvendo a curiosidade intelectual, a observación, o control dos procesos de intervención, o interese pola explicación rigorosa, a interpretación dos resultados, a xeneralización, etc.
- d) Dominan símbolos e signos, co que aumentan as súas posibilidades de aprendizaxe sistemática (lecto-escritura, sistemas de numeración, linguaxe musical, códigos de representación espacial, etc.) e da súa utilización (buscando e elaborando novas

informacións, reestruturando as que xa se posúen, relacionándoas coas conclusións e construíndo o coñecemento de si mesmo e do mundo que nos rodea).

e) Desenvolven as capacidades para apreciar e disociar as calidades dos obxectos e fenómenos (cantidade, lonxitude, distancia, peso, volume, movemento, etc.), o que implica percibir e tomar conciencia da realidade e estabilidade dos obxectos, das súas calidades e dos seus cambios; construír un importante conxunto de nocións físicas e matemáticas, e traballar na comprensión dos procesos de transformación e da existencia e funcionamento de regularidades e ciclos (da auga, das plantas, etc.).

En resumo, culminan a etapa coa madurez das capacidades que levan ao coñecemento e dominio de si mesmos, esencial para poder coñecer e dominar o mundo que nos rodea, xa que se facilita a construción da autonomía intelectual, moral e social a través da autonomía no propio proceso de aprendizaxe.

### **Desenvolvemento da personalidade**

Primeiro ciclo

- a) Consolidan progresivamente o seu autoconceito, a súa autoestima e a súa eficacia.
- b) Melloran e estabilizan a estima dos demais.
- c) Definen o carácter.
- d) Manteñen unha sexualidade latente.
- e) Adaptación progresiva á escola.

Constrúen progresivamente a súa personalidade, partindo da toma de conciencia de si mesmos e da súa estima e da dos demais.

Segundo ciclo

- a) Asentan a súa identidade, xa que estabilizan e melloran as características do anterior ciclo: o autoconceito, a autoestima, a eficacia e a estima dos demais.
- b) Regulan o carácter.
- c) Manteñen a latencia sexual.
- d) Desenvolven unha gran capacidade de esforzo e entusiasmo.

Aumentan as súas posibilidades, pois asentan e melloran o autoconceito, a autoestima, a eficacia e o carácter.

Terceiro ciclo

- a) Consolidan a súa identidade, tomando conciencia e aceptando as súas propias capacidades e limitacións e as dos demais, co cal dan solidez ao seu autoconceito, á súa autoestima e á súa eficacia.
- b) Dominan o carácter e controlan os seus impulsos.
- c) Inician a puberdade, coa maduración dos caracteres sexuais secundarios e a culminación da madurez sexual.

En xeral, consolidan a súa identidade e dan paso ao comezo da autonomía persoal (de aprendizaxe, intelectual, moral e social).

### **Desenvolvemento social**

Primeiro ciclo

- a) Afondan no coñecemento interpersoal (interese polas características dos demais) e as relacións (eu comunitario = amigos).
- b) Manifestan un razoamento e comportamento moral diversificado.
- c) Consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando, escoitando e cooperando.
- d) Iníciáanse certos comportamentos autónomos dentro da heteronomía que viven.
- e) A través do xogo pasan da anomía á heteronomía e á autonomía.

Van pasando progresivamente do egoísmo propio da etapa anterior ao coñecemento, á aceptación e á relación cos demais.

#### Segundo ciclo

- a) Interésanse pola cooperación e a participación.
- b) Desenvolven a capacidade para aceptar o punto de vista dos demais (redución do egocentrismo).
- c) Descubren intereses comúns, relaciónanse aínda máis cos demais, respectan as normas e toman decisións conxuntas.
- d) Adquiren paulatinamente máis autonomía.
- e) Intégranse progresivamente noutros ambientes sociais fóra do ámbito familiar.
- f) O grupo de iguais comeza a ser moi importante para eles.

A partir de intereses comúns, intensifican as relacións cos demais e establecen lazos profundos de amizade.

#### Terceiro ciclo

- a) Incrementáase a interacción entre iguais e a convivencia en grupo: cooperando, participando e estreitando lazos de amizade.
- b) Avanzan notablemente no coñecemento, na empatía e na aceptación dos demais.
- c) Aprenden normas e desenvólvense con facilidade en sistemas de organización social.
- d) Progresan na construción dunha moral autónoma, asimilando sistemas de valores e crenzas e desenvolvendo actitudes positivas.
- e) O grupo de iguais adquire o seu maior relevo.

En xeral, culmínase a fase heterónoma coa inestimable axuda do grupo de iguais e do xogo, básicos para a introdución e a construción da autonomía persoal e social.

En resumo, os tres ciclos da Educación Primaria caracterízanse por:

#### **Primeiro ciclo (6-8 anos)**

Comezo da escolaridade obrigatoria.

- Necesidade de atención aos alumnos e ás alumnas de diversa procedencia en canto ás súas aprendizaxes previas.
- Existencia aínda dunha gran dependencia do alumnado respecto do profesorado e do núcleo familiar, tanto no plano afectivo como no do desenvolvemento do traballo.
- Principais características:
  - Inicio da adquisición das destrezas instrumentais básicas.
  - Aplicación destas á obtención de determinadas capacidades e coñecementos culturais.

### **Segundo ciclo (8-10 anos)**

- Empeza a haber unha maior capacidade nos alumnos e nas alumnas para interesarse por aspectos máis detallados da realidade, o que facilitará a ampliación dos campos do coñecemento que se aborden.
- Adquire maior relevancia o traballo cooperativo, e o individual empeza a ser cada vez máis autónomo.
- A dependencia afectiva do alumnado respecto do profesorado vaise reducindo.
- Principais características:
  - Afianzamento das destrezas iniciadas no ciclo anterior.
  - Introducción de novas técnicas e estratexias de traballo, que van facilitar o coñecemento e dominio do medio.

### **Terceiro ciclo (10-12 anos)**

- Ampliación dos intereses dos alumnos e das alumnas máis aló da realidade inmediata e desenvolvemento da curiosidade cara a outras realidades.
- Autonomía suficiente do alumnado respecto do profesorado.
- Capacidade para considerar e integrar distintos puntos de vista para participar en traballos de equipo.
- Principais características:
  - Perfeccionamento das destrezas básicas.
  - Presentación de tarefas de maior complexidade intelectual.
  - Dominio das técnicas de traballo intelectual.

#### **4.2.3. Obxectivos xerais da Educación Primaria**

Os obxectivos establecen as capacidades que os alumnos e as alumnas deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, e referírense, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social. Para a súa mellor organización, administración, definición e axuste á realidade educativa, están estruturados en diferentes niveis, desde os máis xerais (etapas, ciclos e áreas) aos máis específicos (terminais ou didácticos).

A partir dos obxectivos xerais da etapa, cada equipo docente ten a misión de fixar os obxectivos de ciclo, adaptándoos ás características do seu centro e do seu contorno; aínda que, verdadeiramente, o currículo se dinamiza e adquire maior relevo a través da formulación dos obxectivos terminais, por parte de cada titor ou titora na súa aula, indicando o que (feitos, conceptos e principios: *compoñente conceptual*), o como (procedementos, métodos, técnicas, habilidades e destrezas: *compoñente procedemental*) e o para que (actitudes, valores e normas: *compoñente actitudinal*) das capacidades que se deben adquirir e desenvolver por parte do alumnado.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- o) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos



accidentes de tráfico.

#### 4.2.4. Distribución horaria das materias en Primaria

ASIGNATURAS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4-G	4-G	4-G	4-G	4-G	3-G
Lingua castelá e literatura	4-C	4-C	4-C	4-C	4-C	3-C
Matemáticas	5-C	5-C	4-C	4-C	5-C	5-C
Ciencias sociais	3-G	2-G	3-G	2-G	2-G	3-G
Ciencias da natureza	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G
Lingua Estranxeira	2-I	2-I	3-I	3-I	3-I	3-I
Educación Física	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G	2-G
Música	1-C	1-C	1-C	1-C	1-C	1-C
Plástica	1-I	1-C	1-I	1-I	1-I	1-I
Relixión/Valores sociais	1-C	2-C	1-C	1-C	1-C	1-C
Libre configuración				1-G		1-G
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

G=galego/C=castelán/I=Inglés

#### **4.3. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS E NIVEIS.**

A coordinación entre as etapas e niveis quedará reflectida a través das reunións entre os diferentes órganos de goberno da comunidade educativa, nas reunións establecidas na Programación Xeral Anual. As reunións interniveis serán programadas polas titoras e farase alomenos unha ao trimestre.

#### **4.4. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS**

##### **4.4.1. En Primaria contemplarán aspectos como:**

- Introducción e contextualización.
- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.
- Estándares de aprendizaxe.
- Competencias (CCBB).
- Metodoloxía.
- Recursos e materiais didácticos (incluídos os libros de texto).
- Temporalización.
- Avaliación: instrumentos de avaliación e criterios de cualificación (%).
- Perfís de área, nos que se ponderarán (%) os estándares de aprendizaxe, establecerase o grao mínimo de consecución de cada estándar, en que trimestres se traballa e os instrumentos de avaliación empregados para valorar cada estándar.
- Medidas de atención á diversidade.
- Accións de contribución á educación en valores, proxecto lector, plan TIC, plan de convivencia, proxecto lingüístico e actividades complementarias e extraescolares.
- Procedementos para avaliar a propia programación ao remate de cada trimestre e a final de curso. Reflectirase na memoria final.

## 5. ORGANIZACIÓN DO ESPACIO E DO TEMPO ESCOLAR

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

- *Espazos propios do grupo (aula)*. Cada titor/a organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva; será conveniente ter en conta variables como idade e agrupamento de alumnos, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula, etc. Se nunha aula imparten actividades lectivas outros mestres ademais do titor, han de preocuparse, ao concluír a clase, de que material e espazos se encontren na distribución planificada por este. O material fixo de cada aula, non se moverá nin cambiará de sitio sin autorización da Dirección (encerados, enchufes, corcheiras, percheiros, estanterías, mesas, sillas, etc.).
- *Espazos compartidos polos alumnos*. Os alumnos de Primaria comparten espazos con alumnos de Infantil dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores. Algúns destes espazos son os seguintes:
  - Biblioteca.
  - Aseos.
  - Sala de informática.
  - Aula de música e inglés.
  - Ximnasio e vestiarios.
  - Comedor.
  - Horto Escolar.
  - Aula de relixión.

### Organización dos tempos

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, realizarase unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro. Tamén se elaborará un horario de uso da Biblioteca, Pizarras dixitais e Aula de Informática.

No exercicio da autonomía organizativa e pedagóxica recoñecida ao centro, este poderá distribuír o horario establecido e as linguas en que se imparte cada asignatura, tendo en conta a normativa vixente:

- a) Dáselle un maior peso ás áreas instrumentais (Linguas e Matemáticas), en detrimento do horario de Educación Física e Educación Artística.
- b) Ás áreas de Sociais e Naturais tamén se lle dá un gran peso ao ter en conta que nesta área se aplican de forma práctica as competencias básicas relacionadas coas áreas instrumentais: lingüística e matemática; e nela trabállanse de forma clara todas as restantes competencias básicas e as técnicas de traballo e estudo.

- c) A carga horaria para a área de Inglés establécese según a normativa vixente impartindo o idioma en Educación Infantil a partir dos 3 anos, co que o alumnado que chega á Educación Primaria accede cunha base de coñecementos e un nivel de competencias importante nesta área.

### **5.1. OFERTAS DO CENTRO**

Contamos cos servizos de:

- Comedor.
- Transporte Escolar.
- Secretaría.
- Conserxería (porteiro vixiante).
- Limpeza (dependente do Concello de Vigo).
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Actividades extraescolares organizadas pola ANPA.

### **5.2. CRITERIOS DE AGRUPAMENTO DO ALUMNADO**

En caso de desdoble os criterios serán:

- ❖ Orde alfabética.
- ❖ Reparto na igualdade de sexos.
- ❖ Reparto axeitado e equilibrado para respectar unha maior atención aos alumnos de NEAE.
- ❖ Distribución consecuenta respecto da opción relixión/atención educativa (só se fose necesario).

## **6. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NO TEMPO EXTRAESCOLAR E ESCOLAR**

**6.1.No centro escolar, durante o tempo extraescolar,** existe a posibilidade de poñer en marcha algúns dos programas e proxectos educativos seguintes:

**6.1.1.Plan de Apertura de Centros:** o Plan funciona no centro nas súas modalidades de Aula de Madrugadores, Comedor Escolar e Actividades Extraescolares.

- **Aula Matinal:** en horario de 7.30 a 9.00 horas da mañá, desenvolvéndose dentro da devandita aula diversas actividades (almorzo e servizo de garda).
- **Comedor Escolar:** en horario de 14.00 a 16.00 horas.
- **Actividades Extraescolares.** Ofértase a realización de actividades de diversa índole tales como baile moderno, atletismo, patinaxe, natación, fútbol...  
As actividades desenvólvense anualmente entre os meses de outubro e maio, en días lectivos, entre 1 e 2 horas semanais, nas tardes en horario de 16.00 a 18.00 horas, e son impartidas por monitores. Seguirase o calendario escolar, respectando os mesmos turnos vacacionais.  
Está previsto que ao longo de cada curso a oferta de actividades poida variar en función da demanda que se vaia producindo.

**6.2.No centro escolar, durante o tempo escolar,** existe a posibilidade de poñer en marcha algúns dos programas e proxectos educativos seguintes:

### 6.2.1. Plan T.I.C.

Queremos que os nosos alumnos sexan competentes no manexo das novas tecnoloxías. A metodoloxía para poñer en funcionamento este proxecto será activa, participativa, manipulativa e individualizada.

Os **obxectivos a longo prazo** son os seguintes:

- ❖ Coñecer o entorno dun Sistema Operativo e utilizalo de forma práctica.
- ❖ Utilizar e aplicar os distintos programas educativos que se propoñen, seguindo as indicacións do mestre.
- ❖ Cumplir as normas para unha correcta utilización e conservación dos equipos.
- ❖ Iniciarse na utilización dun procesador de textos para utilizalo nun futuro como axuda para o seu estudio.
- ❖ Coñecer as posibilidades de Internet e o seu correcto uso.
- ❖ Fomentar os valores democráticos, tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e medidas para promover o acceso ás T.I.C. en condicións de igualdade por parte das persoas dos dous sexos e de diferentes condicións sociais.
- ❖ Utilización da Biblioteca Escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe.

**6.2.2. Plan de Lectura e Biblioteca, Plambe**, co que se pretende animar á lectura e fomentar o hábito lector. O seu desenvolvemento baséase fundamentalmente en dous tipos de actividades:

- Apertura da **biblioteca escolar** para lectura, estudo, consulta de información e para empréstito de libros aos alumnos e alumnas, en horario escolar.
- Desenvolvemento de **proxectos lectores** nas aulas, co fomento e a práctica da lectura diaria, ben a través do período de 30 minutos establecido como obrigatorio pola Consellaría de Educación, ou ben a través da lectura polo alumnado de libros propostos ou recomendados polos equipos docentes, e de acordo co plan de traballo que se estableza ao efecto. Farase un tempo de lectura diaria obrigatoria de 12:15 a 12:30 horas.

**6.2.3. Outros programas** que poden desenvolverse en tempo extraescolar son os seguintes:

■ Cooperación internivelar a través de proxectos comúns. Faranse coordinacións interciclo entre o último curso dun ciclo e o primeiro do seguinte, co obxectivo de que o cambio de ciclo nos alumnos se faga de forma eficaz e non presente un gran salto para eles. Farase unha visita ao Instituto IES Coruxo, cos alumnos de 6º de Primaria.

Poderanse facer coordinacións interniveis.

■ Horto escolar. Dentro do programa “Proxecta”, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, co lema “Froita na escola”. Co fin de coordinarse as materias de sociais e naturais educación física e nos seus obxectivos están: ter unha alimentación sana e levar hábitos de vida saudables. Haberá reparto de froita en dous períodos escolares, tal e como indique a normativa vixente.

■ Proxecto “A escola e o bosque”, en colaboración coa comunidade de montes da parroquia. Facemos actividades como: Repoboar coa axuda deles os montes da parroquia, subindo a pasar unha xornada plantando árbores, escoitar charlas formativas de respecto ao noso entorno, facer andainas, etc.

Como **actividades complementarias e extraescolares** para o desenvolvemento do currículo, selecciónanse e propóñense as seguintes actividades tendo en conta as programacións didácticas das distintas áreas e os contidos que se traballarán nelas e con iso inténtase promover a educación medio-ambiental, a correcta cultura do ocio, o fomento da creatividade, e outros valores.

É conveniente realizar na **etapa de Primaria** as actividades tipo que se indican:

- Visita a paisaxes e lugares do contorno da localidade.
- Visita cultural á localidade.
- Visita a servizos da comunidade: Parque de Bombeiros, Policía Local, museo, instalacións deportivas, instalacións comerciais, industrias básicas locais, etc.
- Participación en talleres ofertados polo concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de convivencia e do estudo do contorno.
- Participación en festividades, campañas, celebracións, etc., tales como:
  - o Día dos Dereitos do Neno.
  - o Día da Constitución.
  - o Festa de Nadal.
  - o Día da Non Violencia e a Paz.
  - o Festa de Entroido.
  - o Día da Muller Traballadora.
  - o Día do Libro.
  - o Día de Europa.
  - o Día das Letras Galegas.
  - o Día do Medio.
  - o Festa de Fin de Curso.
  
- Visita servizos da comunidade local, provincial ou rexional: concello, servizos de limpeza, servizos de abastecemento de auga e depuración de augas residuais, museos, instalacións deportivas e culturais, etc.
- Saída cultural do curso 6º de Primaria.
- Participación en talleres ofertados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de coñecemento do contorno e de convivencia.

É conveniente realizar no **ciclo de Infantil** as actividades tipo que se indican:

- Visita a paisaxes e lugares do entorno.
- Visita a servizos da comunidade: Parque de Bombeiros, Policía Local, museo, instalacións deportivas, instalacións comerciais, industrias básicas locais, Bibliotecas, etc.
- Participación en talleres ofertados polo Concello ou outros organismos, relacionados con aspectos ambientais, de coñecemento do contorno e de convivencia.
- Participación en festividades, campañas, celebracións, etc., tales como:
  - o Día dos Dereitos do Neno.
  - o Día da Constitución.
  - o Festa de Nadal.
  - o Día da Non Violencia e a Paz.
  - o Festa de Entroido.
  - o Días da Igualdade e da Muller Traballadora
  - o Día do Libro.

- Día de Europa.
- Día das Letras Galegas.
- Día do Medio.
- Festa de Fin de Curso.

## 7. PLAN DE AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe.

As **funcións** que desempeña a avaliación son as seguintes:

- **Diagnóstico:** Información sobre a marcha do desenvolvemento do currículo, os alumnos e as alumnas e os profesores e as profesoras.
- **Prognóstico:** Avance de expectativas sobre que pode ocorrer, para prever e resolver problemas.
- **Adaptación:** Acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, con miras á máxima personalización do proceso educativo.
- **Orientación:** Guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenvolvemento curricular.
- **Regulación:** Facilitación e harmonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenvolvemento do currículo.
- **Control:** Certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

Os **obxectivos** que se perseguen co proceso de avaliación son:

- Pescudar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendibilidade do deseño e do desenvolvemento curricular.
- Actuar en función do alumno e da alumna, atendéndoos como persoas, tanto individual coma socialmente.
- Proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docentes, deseños e desenvolvementos curriculares, etc., para poder decidir o que mellor conveña.
- Obter información cuantitativa e cualitativa sobre a asimilación do programa e, xa que logo, sobre a súa eficacia.
- Constatar que se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas nos obxectivos curriculares.
- Avaliar axeitadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira.
- Informar á comunidade educativa, sobre todo aos pais, e solicitar a súa axuda.
- Motivar con vistas ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar información ás institucións recoñecidas que o requiran.
- Prognosticar e orientar as posibilidades dos alumnos e das alumnas e prever o fracaso escolar.

- Coñecer a calidade da actuación docente, individual e grupal, e do sistema educativo.
- Establecer programas de reciclaxe ante a detección de malos resultados.
- Superar a antiga concepción da avaliación como único control.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes **modalidades**:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu **comezo**, o que require unha avaliación inicial previa.
- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

O proceso de avaliación rexirase segundo os seguintes **principios**:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.

Durante o proceso de avaliación, os mestres e mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

### 7.1. Avaliación e promoción do alumnado

O procedemento co que se levará a cabo a toma de decisións sobre a avaliación e a promoción do alumnado en Educación Primaria farase segundo o establecido no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na C.A.de Galicia, Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na C.A.de Galicia.**

Para a Educación Infantil temos os referentes do **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, no que se establece o currículo de E. Infantil e da Orde do 25 de xuño do 2009, pola que se regula a avaliación no 2º ciclo da E. Infantil.**

Dentro do marco lexislativo actual, respecto á **AVALIACIÓN** terase en conta o seguinte:

- A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e a valoración do exercicio da práctica docente.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será **continua e global** e terá en conta o progreso do alumno ou a alumna no conxunto das áreas e competencias clave do currículo.
- A avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado.
- O proceso de avaliación terá como obxectivos: proporcionar unha información constante do proceso educativo; mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa; e detectar as dificultades no momento en que se produzan.
- A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo.
- Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe das distintas áreas serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como o de consecución dos obxectivos xerais da etapa e os obxectivos das áreas establecidos na concreción curricular para cada unha delas, e para decidir sobre a promoción do alumnado.
- O profesorado levará a cabo a avaliación, preferentemente a través da observación continuada da evolución do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e da súa maduración persoal.
- Os pais, nais ou titores legais deberán ser informados tanto sobre os criterios de avaliación que se aplicarán coma sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas ou persoas tuteladas e das decisións sobre promoción.

## **7.2.Criterios de promoción**

Tal como se establece no Artigo 6. Promoción de curso e de etapa da ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.



Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no *artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. **Esta medida de “non promoción” poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa**, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e **deberá ir acompañada dun PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO OU RECUPERACIÓN E APOIO**.

A “non promoción” considerárase unha medida de **carácter excepcional** e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un **PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN**.

**PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO OU RECUPERACIÓN E APOIO**. Son adequacións das programacións de aula ás características concretas do alumnado. Elaborará este plan a titora que empeza no seguinte curso coa información deixada pola titora do curso anterior (observacións coas propostas de reforzo curricular, xunto coa decisión de non promoción por escrito) e a avaliación inicial do curso que comenza.

Tal como se regula no *Artigo 7. Avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo* :

- **A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo** tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.
- Cando o alumnado teña autorizada unha **adaptación curricular significativa (ACS)**, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

**No contexto do noso centro educativo**, o profesorado de Ed. Primaria, na sesión de avaliación final terá en conta os seguintes **aspectos á hora de decidir sobre a promoción dun alumno/a**:

1. O grao de progresión nos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias clave.
2. As características individuais e estilo de aprendizaxe do alumno/a.
3. As relacións contextuais cos seus compañeiros/as de grupo do seu curso e do curso onde permanecería de non promocionar.
4. As circunstancias persoais e familiares.
5. Os recursos persoais e organizativos do centro para desenvolver as medidas de atención á diversidade que precisa o alumno/a segundo as súas necesidades de apoio educativo e o tipo de dificultades de aprendizaxe que presenta.
6. Aprobar todo.
7. Promocionar por imperativo legal.
8. Ter unha adaptación curricular.

Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumna e de cada alumno, especialmente os resultados acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

- Excepcionalmente, na sesión de avaliación final do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, **o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a se considera que a natureza das dificultades non lle impedirá seguir con aproveitamento o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e/ou que a dita promoción beneficiará a súa evolución académica e persoal.** Este alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN ou, no seu caso, una ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (ACS).
- As decisións de promoción ao curso seguinte, do alumnado con materias non superadas, requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Enténdese, no marco da LOE/LOMCE, por **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

### 7.3. Avaliación inicial

Co obxecto de garantir unha axeitada transición do alumnado entre as etapas e ciclos de Educación Infantil e de Educación Primaria, no mes de setembro celebrarase unha reunión entre os profesores dos equipos docentes saínte e entrante e a Xefatura de Estudos co fin de trasladar e analizar a información e a documentación académica correspondente ao alumnado que comeza este novo nivel.

Ademais da información recibida, o novo profesor titor aplicarlle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e á súa adecuación ás súas características e o seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

### 7.4. Avaliación continua

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada un dos cursos de xeito colexiado e será coordinada polo seu profesor titor, podendo solicitarse o asesoramento do equipo de orientación, se fose necesario.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo, e a última no mes de xuño (aproximadamente).

En cada sesión de avaliación que celebren os equipos docentes, da que se levantará unha acta, intercambiarase información e adoptaranse os acordos e decisións que se considere sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado orientadas á súa mellora, e realizarase igualmente unha valoración dos resultados derivados destes acordos. Igualmente acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, a súa nai ou os seus titores legais.

### **7.5. Avaliación final**

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, ao finalizar o ciclo ou niveis, o equipo docente, tendo en conta os criterios de avaliación comúns e os de promoción que figuran nos correspondentes currículos de cada ciclo ou niveis, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte ciclo ou nivel. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora titor/a.

O profesor titor do alumnado citará individualmente os representantes legais aos que informará por escrito sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión sobre a promoción ao curso seguinte. Esta información referirase aos obxectivos establecidos no currículo para as distintas áreas e aos progresos e dificultades detectados no grao de adquisición das competencias básicas e na consecución dos obxectivos de cada unha das áreas.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor/a, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio á integración, aplicará os criterios de avaliación que fose establecido nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas. O devandito informe será elaborado polo equipo docente, de acordo co establecido, a tales efectos, pola consellería competente en materia de educación.

### **7.6. Avaliación individualizada e final de etapa en Primaria.**

Farase aos alumnos de 3º nivel de E. Primaria, de acordo coa normativa indicada pola Consellería de Educación. Avaliaranse competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan salientar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Ao rematar o 6º curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas (por sorteo), na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III do decreto.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

Como **criterios de avaliación comúns** a considerar en todas as áreas, e ao longo de todo o proceso de aprendizaxe durante a Educación Primaria, considéranse os seguintes:

- Expón oralmente de xeito claro e coherente as súas experiencias, as súas ideas e sentimentos, achegando ideas e facendo preguntas en relación co tema.
- Expresa de forma oral relatos e exposicións de clase de xeito coherente.
- Participa en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo: pide a palabra, intervén cando corresponde, escoita as intervencións dos seus compañeiros e compañeiras, expón as súas razóns para explicar o seu comportamento e os seus gustos.
- Respecta aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera o momento de intervención).
- Realiza resumos de textos lidos axeitados ao seu nivel e explica e intercambia ideas, sentimentos e opinións sobre eles.
- Localiza e recupera información en textos adecuados ao seu nivel previamente lidos e é capaz de extraer conclusións e inferencias destes.
- Utiliza de forma habitual os libros como medio de diversión e disfrute, dentro e fóra da aula.
- Distingue usos racistas, sexistas e estereotipados en conversacións, audicións, contos e imaxes, manifestando sensibilidade, aceptación e respecto ante as diferenzas individuais, así como vontade de emprender autocorreccións pertinentes para evitar estes usos da linguaxe.
- Presenta os escritos e traballos de forma clara e limpa, valorando a súa execución coidadosa.

- Participa sistematicamente na realización de tarefas e mostra satisfacción por iso.
- Mostra interese e curiosidade por aprender.
- Respecta as normas elementais de relación e convivencia nos contextos familiar e escolar.
- Participa nas actividades de grupo do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto cara aos demais e non rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos nin nas tarefas escolares que realiza.
- Participa e colabora cos outros nenos e nenas do grupo nas actividades da aula.
- Mostra interese polas achegas dos demais, valorando o aspecto cooperativo da aprendizaxe.
- Traballa en equipo.
- Utiliza a linguaxe como instrumento de aprendizaxe: para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder.
- Elixo e utiliza os instrumentos e materiais axeitados para realizar actividades diferentes.
- Valora a elaboración persoal de materiais propios para a aprendizaxe.
- Coida os materiais de traballo e do centro.

Os **criterios de avaliación propios** de cada área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo de cada nivel

Como **criterios de avaliación comúns** a considerar en todas as áreas, e ao longo de todo o proceso de aprendizaxe durante a Educación Infantil, considéranse os seguintes:

- Coñecer a **situación de partida** dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun **modelo de actuación** adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a **evolución do desenvolvemento de capacidades e competencias** e a construción gradual dos distintos tipos de contido, valorando o desenvolvemento alcanzado polo neno e identificando as aprendizaxes adquiridas
- Tomar as decisións necesarias para **adecuar o deseño e desenvolvemento** da nosa acción educadora **ás necesidades e logros** detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

Os **criterios de avaliación propios** de cada área serán os que aparecen fixados nos apartados correspondentes a estes dentro do currículo do ciclo ou nivel.

Os requisitos para que un alumno poida promocionar de ciclo en Infantil son:

1. Ter autonomía nos seus desprazamentos cotiás.
2. Ter control dos hábitos persoais e de saúde básicos: control de esfínteres, alimentación, valoración do risco...
3. Aceptar as normas de comportamento establecidas na escola.
4. Ser quen de observar e explorar de xeito activo o seu contorno.
5. Relacionarse coas persoas do seu entorno escolar (compañeiros, mestra).

6. Ser quen de relacionarse e expresarse de xeito comprensivo a través dalgunha das linguaxes (oral, plástica, corporal...).

7. Conseguir expresar a realidade, dun xeito básico, a través da representación.

O profesorado de E. Infantil, de xeito primordial, á hora de facer quedar a un neno un ano máis no ciclo terá en conta a súa integración no grupo e á aceptación deste cara ao rapaz.

Estes serán os criterios xerais para os nenos cunha madurez incluída nos parámetros normais a esta idade. En caso dalgunha discapacidade severa e diagnosticada se trataría cada caso de xeito individual tendo en conta a opinión da orientadora, a especialista de audición e linguaxe e a de pedagogía terapéutica, así como dos mestres constituíntes do equipo de ciclo de infantil.

### **7.7. Plan específico para permanecer un ano máis no mesmo curso.**

Esta medida irá acompañada dun Plan específico de reforzo e de recuperación arredor das CCBB e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Para a elaboración deste plan seguiranse os pasos:

- Valoración do departamento de orientación.
- Farase en base aos datos que constan no departamento acerca do alumno.
- Plan de avaliación da linguaxe oral aplicado en Educación Infantil.
- Plan de avaliación inicial de Educación Primaria.
- Plans de seguimento de Educación Primaria que se aplican ao rematar cada nivel.
- Plans de avaliación das matemáticas que se aplican ao remate de cada Nivel de Educación Primaria.
- Probas aplicadas en exclusiva a este alumno.
- Revisión do seu expediente no que poden constar informes médicos ou psicopedagóxicos, historial escolar.
- Valoración psicopedagóxica ou aplicación de novas probas si se considera necesario. Adoptar as medidas necesarias.
- En Educación Infantil isto será unha medida extraordinaria e terá que estar moi xustificado con informes médicos, algún tipo de minusvalía e informes do departamento de orientación.

Pódense adoptar as seguintes medidas segundo se considere en cada caso:

- Reforzo educativo dentro da aula a cargo do profesor de área.
- Reforzo educativo dentro ou fóra da aula a cargo dun profesor especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe e neste caso indicaranse o número de sesións á semana.
- Avaliación inicial realizada polo profesor de cada área. Esta avaliación realizarase en base a: A análise dos informes persoais do curso anterior, información obtida das familias, información recibida do departamento de orientación e elaboración dun programa de intervención.

En base as conclusións do apartado anterior será necesario elaborar un programa de intervención naquelas áreas que se considere necesario. En caso de que o alumno necesite apoio dun profesor especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe o programa será elaborado e coordinado entre o profesor de área e o especialista correspondente na área ou áreas nas que este último intervén. Nas áreas nas que o profesor especialista non intervén será o profesor de área o responsable de dito

plan. No programa de intervención deben de figurar obxectivos, contidos, criterios de avaliación, CCBB, metodoloxía, materiais curriculares e outros recursos e procedementos e instrumentos de avaliación.

O seguimento realizarase nas avaliacións e en base os resultados revisarase e faranse as modificacións necesarias no plan de intervención.

### **7.8. Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente**

A observación do traballo diario dos alumnos e do nivel dos obxectivos alcanzados por estes levaranos á avaliación da nosa metodoloxía, motivando a revisión da nosa práctica docente a curto prazo, e do proxecto curricular a un prazo maior.

Como resultado da devandita observación, coa conseguinte reflexión, tanto a nivel persoal de cada profesor coma a nivel colectivo de equipos docentes, elaborárase anualmente, no terceiro trimestre, un informe sobre Avaliación da Práctica Docente e do proxecto curricular do centro, o cal será engadido na memoria Final de cada ciclo ou nivel como un punto máis da mesma, expoñendo o que se considere necesario modificar ou mellorar.

### **7.9. Documentos oficiais de avaliación.**

Os documentos oficiais de avaliación son o expediente académico, as actas de avaliación, os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa, o historial académico e, no seu caso, o informe persoal por traslado.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados pola dirección do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Ao carón constarán o nome e os apelidos de quen asina, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente.

O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias: – Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4. – Suficiente: 5. – Ben: 6. – Notable: 7 ou 8. – Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en materia de educación.

As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias, no seu caso.

Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das áreas e as decisións sobre promoción e permanencia.

As actas de avaliación serán asinadas polo titor ou a titora do grupo e levarán o visto e prace da dirección do centro.

### 7.10. Avaliación na Educación Infantil

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación	◊Diario. ◊Boletín informativo trimestral de información ás familias. ◊Rexistro de cumprimento das normas da clase ( formar fila, deixar a mochila no perchero, respectar a quenda de fala, ...) ◊Ficha persoal do alumno/a.
Traballos de clase	◊Traballos dos nenos e nenas (fichas, creación de producións plásticas, elaboración de murais, participación en obras teatrais....) ◊Diálogos e conversas na asemblea. ◊Gravacións.
Entrevistas coas familias	◊Cuestionarios ◊Rexistros

Propónse para a avaliación inicial:

- Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.
- Pautas de observación para o período de adaptación.
- Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos. (Segundo modelo da aplicación XADE)

Propónse para a avaliación continua:

- Avaliación ao final de cada unidade didáctica.
- Ficha de avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre.

Propónse para a avaliación final:

- Avaliación final de nivel, para o expediente individual do centro.
- Avaliación final de ciclo. (Segundo modelos da aplicación XADE)

### 7.11. Obxectivos mínimos (atópanse nas concrecións curriculares de cada nivel Remozados e adaptados á lexislación vixente no ano 2018).

## 8. METODOLOXÍA

### CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

- Establecemos agrupamentos por idades, segundo as ratios marcadas pola normativa vixente.



- Tratamos de atender as dificultades que poideran presentarse na consecución dos obxectivos a través de reforzos educativos ou, en casos excepcionais, de adaptacións curriculares dentro da aula, coa participación do mestre de apoio se é necesario.
- As aprendizaxes fanse co apoio dos libros de texto e proxectos de traballo, que estarán vinculados aos intereses de nenos e nenas.
- Tanto o profesorado como o alumnado, terán unha actitude activa que permita aprendizaxes significativos, é dicir, partindo do que coñece constrúe aprendizaxes novas coa axuda do mestre.
- Tentaremos facer consciente ao alumnado do que aprende, clarificando os obxectivos que queremos acadar. É dicir, que comprendan o que aprenden e para que lles sirve.

OS PRINCIPIOS BÁSICOS SON:

- ❖ Unha metodoloxía activa, participativa e flexible.
- ❖ Estimularase o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das áreas.
- ❖ Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
- ❖ Fomentaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- ❖ Promoverase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao aprendido, de xeito que o alumno poida analizar seu progreso respecto aos coñecementos.
- ❖ Emprégase unha metodoloxía activa para integrar aos alumnos na dinámica xeral da aula e no desenvolvemento do proceso de ensino – aprendizaxe.
- ❖ Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma, sexan responsables, tolerantes, sociables e aprendan a vivir en sociedade.

## 9. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

A formación permanente do profesorado que se atopa incorporado aos centros educativos constitúe un dereito e unha obriga para este.

A formación do profesorado do centro terá os seguintes **obxectivos xerais**:

- Perfeccionar a práctica educativa, de forma que incida na mellora dos rendementos do alumnado e no desenvolvemento persoal e social do alumnado, a través da atención ás súas peculiaridades e á súa diversidade.
- Promover a conciencia profesional docente e o desenvolvemento autónomo do profesorado, tendo en conta os seus diferentes niveis de experiencia.
- Producir un maior coñecemento educativo favorecendo e valorando a diversidade, a innovación e a experimentación rigorosa.
- Construír unha comunidade de aprendizaxe e educación.

Para realizar estas actividades formativas, o profesorado poderá facelo a través das diversas **modalidades de formación** establecidas pola propia Consellaría de Educación,

a través dos correspondentes centros de profesores. Entre as modalidades ofertadas, optarase preferentemente polas seguintes:

- a) Actividades de formación tendentes á exposición, divulgación, toma de contacto e intercambio profesional das boas prácticas docentes que se poidan estar a desenvolver noutros centros da localidade, provincia ou comunidade autónoma.
- b) Rexistro e participación en redes profesionais de formación, estimulando con iso o traballo cooperativo a través, fundamentalmente, da formación en centros e da autoformación, e tendo en conta os distintos niveis de desenvolvemento profesional do profesorado.
- c) Participación en proxectos de experimentación, investigación e innovación educativa, sometidos á súa correspondente avaliación.
- d) Proxectos de formación en centros: un centro determina que actuacións deben ser planificadas, desenvolvidas e avaliadas para mellorar a súa acción educativa, baseándose nun proceso de debate e de colaboración entre o profesorado implicado.
- e) Grupos de traballo: un grupo de profesores do centro desenvolve un proxecto común, organizado en torno aos problemas prácticos da súa actividade profesional e orientado á mellora da práctica docente, a construción de coñecemento educativo e a construción dunha comunidade educativa de aprendizaxe e educación.
- f) Participación en cursos, xornadas ou encontros: actividades de formación por parte dun asesor ou relator sobre un tema de interese profesional.
- g) Teleformación: cursos a distancia, xeralmente a través da web.
- h) O desempeño de determinados postos e actividades durante o seu exercicio profesional, tales como a impartición da docencia da súa materia nunha lingua estranxeira; o exercicio da función directiva; a acción tutorial co alumnado e con profesorado de novo ingreso en fase de prácticas.
- i) A implicación en programas de mellora do ensino e do rendemento do alumnado.
- l) A participación en plans, proxectos e programas educativos autorizados para o centro.

## **10. O TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES**

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos de ensino-aprendizaxe que, sen referencia directa ou exclusiva a ningunha área curricular concreta, nin a unha idade ou etapa educativa particular, interactúan en todas as áreas do currículo, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade obrigatoria; non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento.

Por iso, atendendo aos principios educativos esenciais, e, en especial, ao desenvolvemento das competencias básicas para lograr unha educación integral, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado.

Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes:

1. Localizar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.
2. Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.
3. Elaborar autónoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a axuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.
4. Facultar aos mozos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

As liñas mestras de intervención que conforman a educación en valores poden ser as seguintes:

- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas cuxos intereses non necesariamente sexan coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
- Adquirir respecto cara aos seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Proporcionar os instrumentos de análise e crítica necesarios que permitan unha opinión e actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o consumo de produtos innecesarios.
- Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
- Respectar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- Promover actitudes que valoren axeitadamente o peso específico da educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Utilizar instrumentos de análise e crítica necesarios para construír unha opinión propia, libre, xusta e democrática.

- Preparar para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

## **11. PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Atópase no anexo.

## **12. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

Atópase no anexo.

## **13. PLAN DE CONVIVENCIA**

Atópase no anexo.

## **14. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. PLAN DE ORIENTACIÓN**

Atópase no anexo.

## **15. CONCRECIÓNS CURRICULARES DE EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA**

Atópase no anexo.